

RENACEMENTO - QUATTROCENTO

OBRA: CONDOTTIERO GATTAMELATA

AUTOR: DONATELLO (1386-1466)

CRONOLOXÍA: 1453

ESTILO: Renacemento (Quattrocento)

TIPOLOXÍA: Estatua ecuestre

LOCALIZACIÓN: Padua

MATERIAL: Bronce

ALTURA: 3,40 m.

TEMA: Estatua ecuestre de Condotiero

FUNCIÓN: Conmemorativa/funeraria



ANÁLISE

É unha escultura realizada en bronce coa técnica de cera perdida, de grandes dimensións que se acentúan ao estar sobre un baseamento de mármore. É unha estatua de carácter conmemorativo e á vez funeraria, xa que o pedestal contén os restos do Condottiero. O retrato propiamente dito levántase sobre unha planta elíptica de bloques horizontais, isódomos perfectos, cuxa unidade e co bronce fai que parezan unidos, formando un conxunto. Era un militar mercenario de alto rango, Erasmo de Narni, ditador de Padua, coñecido co alcume de Gattamelata (gata melosa) polo seu carácter suave, que pediu ser enterrado na cidade de Padua. O conxunto foi pensado como monumento –tumba, da ahí a cámara funeraria que ocupa a parte central. A Signoria de Venecia encargou a Donatello este monumento en agradecemento aos servizos prestados.

É a primeira escultura ecuestre da Época Moderna. O artista inspirouse na escultura do emperador Marco Aurelio, obra pertencente á Arte Romana, abandonando a típica estatua funeraria veneciana para erixir unha semellante ás que Roma elevaba aos seus Emperadores. Sábese que na súa mocidade o escultor acompañado do seu amigo Brunelleschi visitou a cidade de Roma onde coñeceu e estudou os principais monumentos e estatuas da Antigüidade clásica. Alí se conservaba a estatua ecuestre do emperador Marco Aurelio, que sobreviviu á Idade Media ao ser confundido co Emperador Constantino, en cuxo mandato se publicou o Edicto de Milán, que legalizou o cristianismo, co que foi respectada e non fundida, como outros moitos exemplos da estatuaria da Roma pagana. O monumento romano serve como inspiración ao escultor para realizar esta obra, co que se produce ademais da recuperación dun tipo iconográfico (retrato ecuestre), a dun tipo de escultura, a urbanística, ligada ao entorno público, para uso e disfrute da comunidade de cidadáns do lugar. As pequenas repúblicas italianas eran tamén unha especie de cidades-estado independentes entre si, nas que existía unha marcada conciencia do público, co que os gobernantes teñen en conta aos cidadáns, como no mundo antigo.

A figura ecuestre é un compendio de mestría, equilibrio, serenidade e elegancia, características tipicamente renacentistas. Representáase ao xeneral no momento de pasar revista ás tropas, tendo na man as rendas dun vigoroso cabalo tratado co mesmo detallismo e realismo que o xinete. O militar coa vista á fronte transmite seguridade, mando e don militar. Nunha man leva as bridas do cabalo e noutra o bastón de mando. Vai vestido cunha coiraza militar que de novo remite ao mundo clásico, inspirada na coiraza que vestía Augusto de Prima Porta cando arengaba ás tropas. O cabalo, aínda que está en posición de galope, adopta unha postura elegante, obediente, natural, está perfectamente proporcionado, e a extremidade levantada repousa nunha esfera, logrando o equilibrio. A montura aparece avanzando lentamente, o que se reflicte no movemento das súas patas, aínda que o escultor pecha a liña compositiva das patas do cabalo colocando unha bola na pata dianteira que estaba no aire. A cabeza lixeiramente ladeada ou as crins da cola recollidas, dotan á composición dun efecto pausado, sereo e máis ou menos pechado, como é característico dun estilo que como o Renacemento aspira a reproducir os principios estéticos do mundo clásico.

O retrato representa ao xeneral con menos anos dos que tería nese momento, aínda que na súa idade madura, no que se reflicte certa influencia da retratística romana, sobre todo no porte, o ademán, acentuado pola vestimenta, a coiraza, que nos remite á serie de estatuas “*toracatas*” imperiais. O rostro amosa a dignidade do retrato romano, desafiante, adusto, enérxico. Movemento e tensión contidos dominan na composición, como se en todo o conxunto se quixera amosar unha mistura entre a dignidade antiga e un certo sentido de control, de alguén que soubo manexar as rendas de diversas situacións e guiar firmemente o seu destino.

Donatello, en plena madurez, demostra que domina a técnica do bronce, o naturalismo e a perfección na execución, o coñecemento do mundo clásico, a admiración polo home, o desexo de individualizar ao protagonista, ao que representa con nobreza e valentía en honra aos seus servizos militares. Soubo fundir o idealismo clásico co naturalismo e o equilibrio do Quattrocento.

COMENTARIO

O Renacemento nace en Italia. Unha serie de factores converten ás cidades italianas no centro cultural e artístico dos SS.XV e XVI: dinamismo económico e comercial, familias aristocráticas amantes da arte, novas correntes filosóficas como o neoplatonismo e humanismo, a aparición dun conxunto de artistas que apostan por este novo xeito de concibir a arte. Forencia no Quattrocento era o centro artístico, que se trasladou a Roma no Cinquecento, á corte papal, difundíndose a continuación por Europa.

A escultura desde o S.XV acada plena madurez e definitivamente independízase do marco arquitectónico, característica que imperara en Europa en toda a Idade Media. Destacan escultores como Ghiberti e Donatello. O autor do *Gattamelata* deixou obras de gran valor como o *David*, *San Xurxo*, cheas de clasicismo, ou a *Magdalena* penitente xa na súa madurez.

A Donatello considéraselle un xenio, comparable a Miguel Anxo e Bernini. Destaca pola súa evolución acorde co paso da vida, pola súa depurada técnica, pola simbiose entre idealismo, beleza e captación psicolóxica. Adica toda a súa vida á escultura, realiza moitas obras, variadas en canto a temática, materiais e técnicas, todas elas de gran calidade. Conviviu con artistas como Brunelleschi ou Ghiberti dos que aprendeu e cos que investigou para despois crear o seu propio estilo.

O *Gattamelata* é a escultura ecuestre máis famosa do Renacemento. Serviu de inspiración a artistas posteriores e segue despertando a mesma admiración que provocou na súa época.